

ORDENANZA REGULADORA DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

I NORMAS PARA AS ACOMETIDAS

Art.1. Para proceder á subministración de auga potable a domicilio, as persoas interesadas deberán solicitar a conexión mediante un impreso que lles facilitarán os servizos administrativos do Concello, xunto co boletín de instalación expedido por un instalador autorizado.

Art.2. Os usos para os que se facilitará a conexión dividiranse en catro clases:

- a. Usos domésticos
- b. Usos industriais
- c. Usos de obras
- d. Usos especiais

Art.3. Entenderase por cada un dos anteriores usos o seguinte:

- a. Domésticos: todos aqueles que respondan ás necesidades vitais como bebida, preparación doméstica de alimentos, limpeza do fogar, aseo persoal etc.
- b. Industriais: todos aqueles nos que a auga se utilice para a súa transformación mecánica ou química tanto en produtos alimenticios, separada ou conxuntamente con outros produtos, nos establecementos hostaleiros, como industriais, tales como lavado de coches, talleres en xeral, locais de perruquería, masaxes e saunas etc.
- c. De obras: todos aqueles para os cales a subministración se use na construción completa ou reparación de edificios.
- d. Especiais: todos aqueles para os cales a subministración se utilice para piscinas particulares, rego de hortas ou xardíns, garaxes particulares e para aqueles non previstos ou que non se podan cualificar segundo os apartados anteriores.

Art.4. Só poderán realizar conexións e expedir boletíns aqueles instaladores que teñan licenza local ou provincial.

Art.5. Unha vez recibida a solicitude, o fontaneiro municipal a ou persoa que o substitúa emitirá un informe sobre a procedencia ou non procedencia de realizar a conexión solicitada con base nos seguintes apartados:

- a) Posibilidade de efectuar a perforación da cañería xeral para a derivación.
- b) Diámetro da derivación.

- c) Materiais non homologados ou defectuosos.
- d) Situación dos contadores en lugar que non permita a fácil lectura a calquera hora do día.
- e) Chaves de paso precisas e situación delas.
- f) Demais circunstancias previstas nesta ordenanza e aquelas que considere necesarias o informante.

Art.6. Unha vez completado o expediente, acordará a concesión ou denegación da licenza de conexión a Alcaldía, salvo que esta delegue estas resolucións na Comisión de Goberno.

Art.7. Os instaladores, contratistas de obras ou interesados, deberán absterse de efectuar conexións a rede xeral sen que previamente reciban por escrito comunicación da autorización preceptiva. En caso contrario incoarase un expediente sancionador de acordo co establecido na presente ordenanza.

Art.8. Os edificios construídos ou en construción que consten de varias plantas de vivendas deberán instalar unha batería de conexións á súa entrada, cos seus contadores respectivos. En caso de non instalar contador, cada conexión terá un tapón na saída que será precintado polo Concello ata que se conceda a licenza de conexión.

Art.9. A toma de auga, o contador e demais materiais da instalación ou reparación da acometida á rede xeral serán por conta do usuario, incluído o collarín.

Art.10. Os contadores deberán estar homologados e reunir as esixencias dos regulamento de contadores.

Art.11. Para cada vivenda independente dun inmovible instalárase unha chave de paso e un contador, quedando prohibido a subministración a través do mesmo contador de dúas ou máis vivendas independentes.

Art.12. Os abonados que teñan na súa propiedade xardíns, hortas, piscinas ou análogos non poderán utilizar o mesmo contador para a subministración doméstica ou industrial o uso para rego ou recheo da piscina. Non obstante, a Alcaldía poderá prohibir e precintar temporalmente, en casos de problemas de abastecemento, as subministracións para tales usos.

II NORMAS INSPECTORAS E SANCIONADORAS

Art.13. As actuacións inspectoras e sancionadoras levaranse a cabo polo persoal e autoridades municipais respectivamente.

Art.14. Serán responsables do non cumprimento da presente ordenanza os infractores aínda a título de inobservancia. En caso de varios infractores, a responsabilidade esixírase

solidariamente.

Art.15. As sancións que se deriven do expediente que se instrúa o efecto por violación do contido da presente regulamentación, variarán dependendo da gravidade que se deduza do expediente, non podendo superar o límite esixido no art.58 do RDL 781/1986, do 18 de abril ou das súas posteriores modificacións.

Art.16. Os usuarios que desexen que lles revise o contador a Administración municipal deberán solicitalo por escrito e ingresar previamente a cantidade de 2.000 pts. en concepto de custos de desprazamento e persoal.

No suposto de que a anomalía detectada fose motivada por causa imputable á Administración municipal, reintegraráselle o importe das 2.000 pts. aboadas.

Art.17. As conexións realizadas a traída xeral do Concello poderán ser precintadas e cortada a subministración por orden da Alcaldía nos casos seguintes:

- a) Que o usuario teña débedas pendentes polo pagamento do prezo da subministración e se lle notificase xunto ou en documento aparte da providencia de prema a advertencia de que a falta de pagamento poderá dar lugar ao corte da subministración.
- b) Que o usuario non teña os contadores en lugar de fácil acceso para a lectura e se lle notificasen os prazos e o deber da súa correcta colocación sen atender a tal requirimento. Así mesmo procederase con aqueles contadores ou instalacións que non cumpran o establecido na presente ordenanza.
- c) Que as conexións non teñan instalado contador.
- d) Que o contador non funcione e así se lle notificase ao usuario cos prazos para a súa reparación.
- e) Que as conexións fosen realizadas sen autorización municipal aínda cumprindo as condicións técnicas.
- f) Que o uso da subministración se utilice para obras que constitúan infracción urbanística.

Art.18. No suposto de que un contador non funcionase durante un período de lectura, practicarase a liquidación do consumo atendendo á media dos últimos dous períodos.

No suposto de que non existan estas ou non se utilizase contador para a subministración, independentemente das sancións correspondentes, practicarase a liquidación proporcionalmente ao consumo do trimestre seguinte incrementada nun 20 %.

Art.19. En caso de cambio de titularidade da subministración, responderán solidariamente das posibles débedas coa facenda municipal, tanto o antigo como o novo propietario ou usuario, estando obrigada a Administración municipal a facilitarlles aos interesados a certificación das débedas que por este concepto teña o inmovible subministrado previamente.

III NORMAS TÉCNICAS DAS INSTALACIÓNS

Art.20. Para vivendas unifamiliares: a tubaxe de acometida será de PVC ou polietileno de alta densidade, cunha resistencia térmica de 25° centígrados, como mínimo, e a presión do servizo de 10 kg/cm², e diámetro de 25 mm de carga homologada, co selo de control de calidade.

A arqueta de acometida será de ladrillo furado dobre, de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente con dimensión de 50x50x40 con tapa rexistro de fundición de 40x40, e no seu interior colocarase a chave de rexistro. A súa colocación será preferentemente na beirarrúa.

O armario para o contador instalarse fronte á vía pública, no exterior da propiedade ou inmovible, en lugar accesible para a lectura, a 50 cm do chan e con medidas de 30x40x20 cm. Dotarase dunha porta con pechadura fixada polo servizo de augas. Despois do contador colocarase unha chave de corte de 15 mm de diámetro.

Art.21. Para vivendas en edificios con comunidades de propietarios. Partes fundamentais de que constará a instalación:

1. Acometida con chaves de manobra.
 2. Instalación xeral interior.
 3. Instalación interior.
-
- a) A acometida é a tubaxe que enlaza a instalación xeral do inmovible coa rede de distribución. Atravesará o muro de cerramento do edificio por un orificio practicado polo propietario, de tal forma que permita a libre dilatación do tubo e a impermeabilización. A tubaxe admitirá unha presión de servizo de 10 kg /cm² e diámetro fixado en cada casa segundo as características da solicitude.
 - b) A chave de toma encontrarse colocada sobre a tubaxe de rede da distribución abrindo paso á acometida. A xustificación da súa instalación está motivada para permitir facer tomar á rede e manobras nas acometidas sen que a tubaxe deixe de estar en servizo. Situarase dentro dunha arqueta cega de 20x20 cm de ladrillo furado dobre a 1/2 pé.
 - c) A chave de rexistro estará situada sobre a acometida na vía pública a carón do edificio. Os particulares non poderán manipulala sen autorización municipal. Situarase nunha arqueta de ladrillo HD de 1/2 pé de espesor revestido interiormente de 50x50x40 cm con tapa de rexistro de fundición de 40x40 cm. Colocarase na beirarrúa fronte á propiedade ou inmovible do solicitante. A chave será de comporta o asento inclinado de esfera.
 - d) A chave de paso estará situada na unión da acometida co tubo de alimentación xunto

ao limiar da porta interior do inmoible. Quedará aloxada nunha cámara impermeabilizada construída polo propietario ou abonado. Instalarase tamén unha chave de comporta ou asento inclinado de esfera.

- e) A instalación interior deberá ser realizada por un instalador autorizado o cal expedirá a oportuna certificación mediante o boletín oficial, e deberá inexcusablemente instalar unha batería de contadores divisionarios ao final do tubo de alimentación, en lugar de fácil acceso para a lectura dos consumos.
- f) A válvula de retención situarase sobre o tubo de alimentación xunto á súa conexión coa batería.
- g) En caso de edificios con auga quente central, disporase ademais dun contador que controle o consumo dedicado a este uso con chave de corte ao comezo do ramal.

Art.22. Para usos industriais: dado o carácter que poden revestir as condicións técnicas desta clase de subministracións, o técnico municipal do servizo especificará individualmente para cada solicitude as prescricións necesarias para as autorizacións.

Art.23. Para usos de obra: a execución xeral da acometida será a cargo do usuario ou promotor das obras.

- a) A tubaxe de acometida será de PVC ou de polietileno de alta densidade de diámetro a fixar polo servizo segundo as necesidades da solicitude, conectada á rede xeral de abastecemento por medio dunha chave de toma, colocada con carácter definitivo.
- b) O armario para o contador terá carácter provisional e colocarse no exterior do cerre da obra dotándoo dunha porta con pechadura. Despois do contador disporase dunha chave de corte.

Art.24. Para usos especiais: dadas as características que poden revestir as solicitudes, as autorizacións concederanse con base nas especificacións técnicas que para cada caso concreto determinen o Servizo Técnico Municipal.

Art.25. As instalacións en uso que non cumpran as especificación determinadas no presente regulamento deberán adecuarse ás prescricións dos artigos anteriores.

O Grove, 30 de outubro de 1995